



Rogamos lean atentamente toda a información que se axunta neste documento.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde (OMS) elevou a situación de emerxencia sanitaria a Pandemia Mundial pola expansión da COVID-19. As distintas administracións tiveron que tomar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra a rápida expansión da COVID-19.

O contexto epidemiolóxico, sanitario e de saúde pública actual permitiu o inicio de normalización progresiva da actividade, denominado reactivación, que está sendo constantemente avaliado polo sistema sanitario de saúde pública para comprobar a súa efectividade e acompañarse da introdución doutras medidas específicas que se deberán manter máis alá da fase pandémica.

O Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 (modificado por un do 25), sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte a crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

O punto 5 das medidas establece as previsións para os centros educativos co seguinte texto literal: “ O retorno á actividade lectiva presencial dos centros docentes que imparten o ensino do artigo 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, rexerese polas condicións sanitarias vixentes ao comezo do curso escolar 2020/21.”

Parello ao retorno do alumnado aos centros educativos, o Programa Concilia tamén retoma a súa actividade, con certas modificacións para adaptarse ao novo contexto sanitario que estamos vivindo.

O desenvolvemento da actividade sempre está ligada ao funcionamento dos centros educativos e a normativa vixente en cada caso, e implica modificar a dinámica para cumprir coas normas sanitarias.

Co fin de manter as condicións óptimas para os/as nenos/as, os/as profesionais o número de praza limitarase, aínda que se as condicións sanitarias o permitise poderían ampliarse ao longo do curso.

É importante asinar todas as follas da solicitude xunto co resto da documentación (solicitude e autorizacións).

O prazo de matrícula será do 12 ao 22 de xaneiro, non se admitirán matrículas fóra desas datas. **A listaxe de admitidos/as** publicarase na web do concello e nos taboleiros municipais o **27 de xaneiro**.

As prazas son **14 no CEIP Fogar** (6 con almorzo e 8 sen almorzo) e **9 no CEIP Bergantiños** (2 con almorzo e 7 sen almorzo). Este curso, por razóns sanitarias, non habrá opción de matrículas por días soltos para usuarios/as ocasionais.

O pago do primeiro mes farase unha vez adxudicada a praza con cargo na conta bancaria do importe correspondente.

Asdo.: M^a Carmen Ures García
Concelleira de Igualdade e Benestar



FOLLA DE INSCRICIÓN
PROGRAMA “CONCILIA”

• **DATOS PERSOAIS**

NOME DA/O ALUMNA/O: _____

DATA DE NACEMENTO: _____ CURSO ESCOLAR 2020-21: _____

ENDEREZO: _____ Nº: _____ PISO: _____ C.P: _____

MUNICIPIO: _____

TLF: _____ OUTRO TLF: _____

NOME DA/O NAI/PAI/TITOR/A:

DNI: _____

• **DATOS DO PROGRAMA “CONCILIA”**

CENTRO ESCOLAR: _____

HORARIO DE ENTRADA:

7:00.....	8:15
7:15.....	8:30
7:30.....	8:45
7:45.....	9:00
8:00.....	

PERIODO: Todo o curso

ALMORZO:

SÍ.....
NON.....

ESPECIFICAR ENFERMIDADES ALERXIAS E INTOLERANCIAS A ALIMENTOS
(achegar informe médico)

.....
.....
.....



- **DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA COA SOLICITUDE:**

- **DOCUMENTACIÓN XERAL:**

- FOTOCOPIA DO LIBRO DE FAMILIA (Todas as páxinas)
- FOTOCOPIA DO DNI DO/A SOLICITANTE (Pai/nai/titor/a)
- FOTOCOPIA DA TARXETA SANITARIA DA/O ALUMNA/O
- VOLANTE DE EMPADROAMENTO E CONVIVENCIA
- SOLICITUDE ASINADA
- NÓMINAS DOS ÚLTIMOS TRES MESES (de todos/as os/as membros computables da unidade familiar)
- SENTENCIA DE SEPARACIÓN, DIVORCIO OU XUSTIFICANTE DE VIUEZ (de ser o caso)
- TÍTULO DE FAMILIA NUMEROSA (de ser o caso)
- NUMERO DE IBAN DA CONTA BANCARIA PARA DOMICILIACIÓN
- PROTOCOLO ACTUACIÓN COVID-19 (se xunta)
- CERTIFICADO DE EMPRESA DE HORARIO LABORAL DO PAI E NAI

- **DOCUMENTACIÓN EN CASO DE SOLICITUDE DE REDUCCIÓN DE COTAS (segundo a ordenanza reguladora B.O.P. nº 116 de 19 de xuño de 2013)**

- INFORME MÉDICO (de ser o caso)
- Solicitud do solicitante
- OUTROS.....

Sinatura da/o solicitante



NORMAS DE FUNCIONAMENTO

1. As portas da escola estarán abertas a partires das 7:00, **as entradas faranse cada 15 minutos segundo a solicitude, estes horarios non serán modificables.** As familias non poderán acceder ao centro, serán as/os monitoras/es do seu grupo as que recollan as/os nenos/as na porta, co acceso gradual evitamos cruces de familias.
2. As mascarillas e xeles hidro-alcohólicos formarán parte da rutina diaria, deberán estar debidamente identificadas e con reposto na mochila
3. Calquera nota, aviso ou recado que se lle teña que dar ao profesor/a terá que vir por escrito nunha bolsa e atada na mochila de cada rapaz. Cada neno/a debe ser responsable de entregarlle o papel ao seu profesor, agás os máis pequenos (nenos/as de 3 anos), cos que se procederá do mesmo xeito, pero ademais avisarase á monitora para que a última hora lle faga o acordo ó/á rapaz/a.
4. Os libros ou materiais serán transportados polos/as nenos/as ou seus pais/nais, nunca polas monitoras/es. O seu traballo é o coidado e logo nas filas a vixilancia das/os nenas/os.
5. Os pagos deben facerse **por domiciliación bancaria do 1 ó 5 de cada mes**, cuestións contables así o esixen. No caso de devolución do recibo, o solicitante farase responsable dos custos e procederase a baixa do/a usuario/a.
6. Un dos obxectivos do Concilia é fomentar a autonomía dos/as nenos/as, polo tanto pregamos aos pais/nais que non se lles saquen a chaqueta nin a mochila ós rapaces.
7. Sempre se deben facilitar teléfonos de contacto que estean dispoñibles, xa que pode haber unha urxencia e ser preciso localizar a algún familiar.
8. As baixas no servizo comunicaranse por escrito ao Concello, no caso de que un neno/a non acuda ao servizo durante un mes sen aviso á supervisora será dado de baixa no Concilia e procederase ao cobro da mensualidade debida.
9. As inscricións para as pontes e os períodos vacacionais só se recollerán nos prazos establecidos, fóra deles non se aceptarán solicitudes. (O prezo do servizo será de 8,93€ por día). O numero de prazas é limitado e a adxudicación farase por rigorosa orde de puntuación.
10. **Queda totalmente prohibido o acceso das familias ás instalacións dos colexios. Na entrada haberá un control sanitario para os/as nenos/as.**
11. No programa “Concilia” non se administran medicamentos a ningún neno/a.

Carballo a de xaneiro de 2021

Asdo.:



DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADE

D/Dna.....con DNI.....
nai/pai/titor de..... comprométome a
cumprir coas responsabilidades expostas polo Concello de Carballo para a realización
do programa Concilia no curso 2020-21, dada a excepcionalidade da situación sanitaria
actual.

1º Ante calquera signo que poida ser compatible coa COVID-19 ou outra enfermidade
contaxiosa ou perigosa para o resto do grupo; non traer o neno/a ao programa.

2º Ningún neno/a con febre poderá acudir ó programa. Se se detecta na entrada que o a
temperatura do neno/a excede aos 37º non poderá acceder ás instalacións do Concilia.

3º No caso de aparecer síntomas ó longo da xornada avisarase ós pais/nais, que deberán
recoller ó seu fillo/a o antes posible, tomar as precaucións oportunas, levalo ó seu
pediatra e activar os protocolos de seguimento.

4º Se fose o caso, e se diagnosticara COVID-19 nalgunha persoa que tivera contacto co
nen/a, deberase poñer en coñecemento do Centro, á maior brevidade posible, para que
se poida poñer en alerta e facer un seguimento exhaustivo do entorno do alumno/a.

Coa responsabilidade de todos/as controlaremos e pararemos esta pandemia.

E para que conste en Carballo a.....de.....2021

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN CONCILIA 20/21 –COVID-19

- Establecemento de grupos de traballo estables, intentando reducir o contacto entre eles, máximo 15 persoas por grupo, levándose a cabo unha desinfección do material empregado entre cada actividade.
- Desinfección diaria das instalacións empregadas ao rematar as actividades, ademais de que cada nena/o deberá avisar o monitor correspondente para facer uso dos aseos, desinfectándose despois de cada uso.
- No acceso ás actividades e nas áreas comúns será obrigatorio o uso da mascarilla, procurándose manter unha distancia mínima interpersoal de 1,5 metros.
- Todos os días antes de empezar a actividade, e preferentemente antes de abandonar o domicilio, deberán medirse a temperatura e en caso de ser superior os 37°C, avisar o/a coordinador/a e non acudir á escola.
- Realizaranse tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados, e como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire.
- Poranse a disposición dos participantes xeles hidroalcohólicos, papeleiras para tirar o papel, e os participantes deberán traer roupa desinfectada todos os días, para iso a roupa usada debe ser lavada a 60° para garantir a desinfección da mesma.

Carballo a dede 2021

Asdo.:



BAREMO PARA BONIFICACIÓNS DO PROGRAMA CONCILIA

Para acceder ás bonificacións deberá presentar unha solicitude no Rexistro do Concello, segundo o modelo de instancia xeral, solicitando a baremación para bonificacións no Programa Concilia, e indicando nome do/a usuario/a e o centro ao que acode.

Os criterios a aplicar son os dos seguintes apartados:

A-Situación sociofamiliar:

- Familia monoparental. 5 ptos
- Familia numerosa: 4 ptos
- Dúas/Dous ou máis usuarios do mesmo núcleo familiar: 3 puntos
- Situación familiar susceptible de baremación cun informe de Servizos Sociais: 2 puntos
- Discapacidade dalgún membro da unidade familiar: 1 pto

B-Situación económica:

- Por renda per cápita mensual menor ou igual á pensión non contributiva: 5 ptos
- Por renda per cápita mensual inferior ou igual ao 75% do IPREM: 4 ptos
- Por renda per cápita mensual inferior ou igual ao 125% do IPREM: 3 ptos
- Por renda per cápita mensual inferior ou igual ao 175% do IPREM: 2 ptos
- Por renda per cápita maior ao 175% do IPREM: 1 pto

C-Permanencia no programa:

Por permanencia do alumno/a no programa o curso anterior (todos os meses e días de duración do programa): 2 ptos.

A valoración farase tendo en conta a documentación aportada coa solicitude. Nos apartados A, B e C, só se puntuará un concepto en cada un deles (aplicarase o máis alto en cada caso). Para a puntuación das rendas valoraranse os ingresos anuais, segundo a documentación presentada.

Comunicaranse na web do Concello o martes 27 de xaneiro, as bonificacións concedidas, que se aplicarán desde o mes de febreiro.

Redución aplicable:

- De 10 puntos en adiante: redución do 50% das cotas
- De 8 a 10 puntos: redución do 30% das cotas
- De 5 a 7 puntos: redución do 15% das cotas
- Menos de 5 puntos: sen dereito a redución